

# Impulso

Edita:  
Sección Sindical  
Citroën  
nº 2

Xuño 91

# BOLETIN



Converxencia Intersindical Galega

## RESUME DAS SENTENCIAS

Das sentencias pronunciadas polas Maxistraturas de Traballo sobre as sancións impostas ós nosos afiliados, derivadas do proceso vivido a partir das movilizacións do mes de maio, podemos sacar tres conclusións positivas:

1.- A rotundidade dos Maxistrados en aplicar os artigos 10 da Lei de Liberdade Sindical e 115 da Lei de Procedemento Laboral, que dñn así:

"Art 10.3.- Os Delegados Sindicais... terán os seguintes dereitos:

3º Ser oídos pola empresa previamente á adopción de medidas de carácter colectivo que afecten ós traballadores en xeral e ós afiliados ó seu Sindicato en particular, e especialmente nos despedos e sancións destes últimos"

"Art. 115.- A efectos do previsto no número anterior, serán nulas as sancións impostas ós representantes legais dos traballadores... así como ós traballadores afiliados a un Sindicato, sen dar audiencia ós Delegados Sindicais."

Daquí o importante que é o pago por desconto en nómina, como evidencia de que a Dirección coñece perfectamente que se está afiliado a un Sindicato e, polo tanto, está na obriga de darlle audiencia ó Delegado Sindical antes de impor unha sanción a este afiliado.

2.- O conceptuar claramente a sanción a María Martínez Veiga como discriminación por razón de sexo ("desigualdade irracional").

3.- A defensa da liberdade de expresión e da liberdade sindical que se fai nos fundamentos de dereito, na sentencia de Janeiro.

Por todo isto, consideramos importante transcribivros o mais importante destas sentencias para voso coñecemento, quedando pendientes aínda

de celebrarse os xuícios de Rafael Pérez e Fernández:

Sancionado: MANUEL NOVAL SENRA, con 6 días e falta moi grave.

Acusación: Abandonar o posto de Recarga de Carros para tomar café, tendo que esperar o carrista 15 minutos un día e producíndose outro a retención dun carro por chegar mais tarde, despois do bocadillo.

Fundamentos de dereito: Non é válida a invocación de nulidade que se fai por non haber avisado ó Delegado Sindical, posto que a Empresa non tiña coñecemento de que este traballador era afiliado á CIG (non pagaba por nómina).

Os feitos que se lle imputan son reais e prodúxose perxuício no traballo, ademais de ser reincidente e non haber avisado da súa ausencia.

Fallo: Que debo desestimar e desestimo a demanda formulada por Manuel Noval Senra contra a empresa Citroën Hispania, S.A. e confirmando a sanción imposta ó actor, absolvo á empresa demandada do contido de dita demanda.

Faise saber ás partes do seu dereito para interpor recurso...

(Esta sentenza, por ser falta moi grave, está recorrida ante o Tribunal Superior de Xusticia de Galicia.)

Sancionados: ANTONIO MARTINEZ ALVAREZ e EDUARDO GARCIA CRESPO, con falta moi grave.

Acusación: Deixar aparcado o coche na zona de visitas, como sempre o fixeron eles e os demais compañeiros que están nesta circunstancia, cando entran para o turno de noite, a pesares de prohibirlos un vixiante.

Fundamentos de dereito: Queda acreditado que os sancionados pertencen á CIG e que se les desconta por nómina a cota sindical. Forman, ademais, parte da Sección Sindical, comunicádoselle este extremo á Dirección da empresa. Por todo isto a Dirección non pode alegar descoñecemento da condición dos actores, polo tanto, conforme ó artigo

115.2 da Lei de Procedemento Laboral, debeulle dar audiencia ós Delegados Sindicais, o que non fixo, nen sequera lles notificou a sanción imposta

Fallo: Que estimando as demandas formuladas por Antonio Martínez Alvarez e Eduardo García Crego contra Citroën Hispania, S.A., declaro nulas as sancións impostas ós actores o 8-7-91.

Faise saber ás partes que contra esta sentencia non cabe interpor recurso algún.

Sancionado: PABLO COLLAZO ALBELA.

Acusación: "No día de hoxe protagonizou un grave incidente, negándose ante o seu mando a realizar determinadas operacións que ten asignadas no reparto, posteriormente desplazándose ó Servicio médico, forzando un relevo que neses momentos non lle correspondía e, por último, amosou Vd. unha total falta de consideración e respecto ós seus mandos superiores, negándose a calquera tipo de diálogo con eles. Todo elo atenta gravemente á disciplina e boa marcha do traballo no taller. Tales feitos están tipificados como falta moi grave nos artigos 61.7 e 52.10 do noso Regulamento de Réxime Interno e artigos 94.5 e 95.11 da Ordenanza de Traballo para a Industria Siderometalúrxica. En consecuencia, a Empresa, esperando cambie a maneira de proceder, toma o acordo de sancionalo con 6 días de suspensión de emprego e soldo.

Fundamentos de dereito: A Empresa coñecía a pertenza deste traballador a unha organización sindical; ó non escoitar previamente ó Delegado Sindical conculcou o sinalado no artigo 10.3.3º da Lei de Liberdade Sindical, o que debe levar á nulidade da sanción.

Fallo: Que debo decretar e decreto a nulidade da sanción imposta a Pablo Collazo Albela pola empresa Citroën Hispania, S.A., condenando á demandada a facerlle efectiva a retribución deixada de percibir.

Faise saber ás partes que contra esta sentencia non cabe recursa algún.

Sancionado: XESUS SANCHEZ CALVO.

Acusación: "O pasado día 14 do actual encontrábase Vd. sentado no exterior da nave M, facendo uso indebido do seu tempo de relevo, co conseguinte trastorno para a boa marcha do traballo e perxudicando sensiblemente ós seus compañeiros. A pesares das advertencias dos seus mandos, persistiu na mesma actitude, facendo caso omiso das ordes dos seus superiores.

Os feitos están considerados como falta moi grave; en consecuencia, a Empresa toma o acordo de sanciona-lo con 4 días de suspensión de emprego e soldo.

Sentencia: Conciliación. Pola demandada, habida conta que non notificou a imposición da sanción ó Delegado Sindical, deixa sen efecto a mesma.

Sancionado: ARTURO FERNANDEZ NOGUEIRA.

Acusación: "O pasado día 16 dos correntes, ás 9'30 horas, ó ser advertido polo Servicio de Vixiancia, no senso de que non accedera á nave M-2, á cal non pertence e cuio desplazamento estaba prohibido por nota informativa da Empresa con data 2-5-91, apartou coa hobreira ó vixiante, rebasándoo e entrando no devandito taller M-2.

Os feitos están considerados como falta moi grave; en consecuencia, a Empresa toma o acordo de sanciona-lo con 4 días de suspensión de emprego e soldo.

Sentencia: Conciliación. A Empresa, habida conta de que non se deu o trámite previo de audiencia ó Delegado Sindical, deixa sen efecto a sanción imposta con todas as consecuencias.

Sancionada: MARIA MARTINEZ VEIGA.

Acusación: "O pasado día 16 dos correntes, sobre as 9'20 horas, ó ser advertido polo servicio de Vixiancia, no senso de que non accedera á nave M-2, á que non pertence e cuio desplazamento estaba prohibido por nota informativa da Empresa..., rebasou ós vixiantes e entrou en dito taller M-2.

Os feitos están considerados como falta moi grave no artigo 94.5 na Ordenanza de Traballo para a Industria Siderometalúrxica, polo que a Empresa acorda sanciona-la con 4 días de suspensión de emprego e soldo..."

Fundamentos de dereito: É clara a discriminación en que incorreu a Empresa sancionando unicamente á actora, única muller do grupo, pesia a coñecer, a lo menos, a identidade doutro ou doutros compoñentes, sen que o comportamento da actora sobresaíra ou fora distinto dos demais, razón pola que, en aplicación do artigo 14 da Constitución Española e artigo 17 do Estatuto dos Traballadores..., procedo a declarar a nulidade da sanción imposta, en razón a que, como se sinala na sentenza do Tribunal Constitucional con data 19-11-82, a desigualdade non é discriminatória, pero si a desigualdade irracional.

Fallo: Que estimando a demanda, debo declarar e declaro nula a sanción imposta a María Martínez Veiga pola empresa Citroën Hispania, S.A., condenándoa ó pago das retribucións deixadas de percibir.

Faise saber as partes que contra esta sentenza non cabe recurso algún.

Sancionado: INOCENCIO JANEIRO LOUREIRO.

Acusación: "O 31 de maio, sobre as 9 horas, no decurso dunha asemblea no interior da nave M, textualmente dixo, entre outras cousas: ...e non entrar en discusións como queren algúns desgraciados destes porteiros. Non entrar, por moito que vos digan, como me dixeron a min á cara, que tiñan os bolsillos cheos de diñeiro polas veladas, pois oxalá que non lles cheguen para medicinas, que lles entre un cancro, me cago en Diós."

Fundamentos de dereito: A xurisprudencia do Tribunal Supremo ven reiteradamente esixindo que, tratándose de manifestacións críticas no ámbito da relación laboral, debe intentarse a obtención do necesario equilibrio entre o dereito dos traballadores á libre defensa das súas ideas e

opinións e o obrigado respecto ó prestixio da Empresa e a dignidade e honor das persoas físicas que a integran; a conducta do actor, que lle imputan, foi realizada cando, en relación co cargo representativo que ostenta, actuaba como portavoz, informando ós traballadores das negociacións que se estaban levando a cabo e pedía a todos calma; na súa manifestación, chamándolles desgraciados a algúns porteiros, non hai unha precisa e directa imputación de tal calificativo, en canto a persoas determinadas, senón que se fai en termos xerais e só de algúns, e como consecuencia do que a el persoalmente lle habían dito; por elo, coido que podemos afirmar que non existiu na actuación do actor un ánimo de inxuriar. En canto a expresión, "me cago en Diós", é verdadeiramente excesiva verbalmente, pero o propio Regulamento de Réxime Interno esixe unha habitualidade para que sexa constitutivo de falta moi grave, e tal e como foi dita nun momento de exasperación, non podemos darlle maior valor que o que, normalmente, ten de "taco" ou expresión coloquial de desafo.

Por elo e valorando ditas actuacións conforme ós principios de individualización e proporcionalidade que recollen o criterio de gradualidade das faltas e sancións, non se aprecia que tales excesos verbais teñan no presente caso a suma gravidade que se precisa para estimar xustificada a imposición de sanción por falta moi grave, polo que procede, estimando a demanda, revocar a sanción imposta por non ser os feitos imputados constitutivos de falta algunha, posto que as expresións utilizadas, a finalidade perseguida e o medio no que se produciron, supoñen unha conducta encadrable dentro do exercicio da liberdade sindical e liberdade de expresión (artigos 20 e 18 da Constitución), por non supor un exceso no exercicio destes dereitos.

Fallo: Que estimando a demanda interposta por Inocencio Janeiro Loureiro contra Citroën Hispania, S. A., debo revocar e revoco a sanción imposta ó actor na data 8-5-91, condenando á empresa

demandada a estar e pasar pola presente declaración con todos seus efectos.

Fáiselle saber ás partes que contra esta sentenza non cabe recurso.

